



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 46/2021

PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, NÚM. 67/2017 DE 31 DE MAIO, POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A FINANCIACIÓN DA CÁTEDRA DE DEREITO LOCAL 2021-2025”.

Na Coruña, 14 de maio de 2021

REÚNENSE

Don Valentín González Formoso, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e

Don Julio E. Abalde Alonso, Reitor da Universidade da Coruña (en diante UDC), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro de universidades, e o artigo 36.1.f) do Decreto 101/2004 do 13 de maio modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña,

Actuando os intervinentes, na representación indicada e recoñecéndose mutuamente capacidade para a sinatura do presente documento

MANIFESTAN

1. A Deputación Provincial da Coruña aprobou, mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 28 de Abril de 2017, a formalización dun convenio ca Universidade da Coruña coa finalidade de financiar a creación dunha “Cátedra de Dereito Local” O citado convenio formalizouse en documento administrativo nº 67/2017 de 31 de maio do 2017, cunha vixencia ata o 31 de maio do 2021.
2. Por Acordo Plenario de 25 de outubro de 2019 aprobouse a formalización dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña para financiar a creación dunha "Cátedra de Dereito Local" relativa á delegación da xestión económica da Cátedra de Dereito Local na Fundación Universidade da Coruña, nos termos previstos polo Regulamento da Cátedras Institucionais da UDC e a Resolución Reitoral do 1 de setembro do 2017, pola que se encomenda á Fundación da Universidade da Coruña a xestión económica de contratos de investigación (art. 83 LOU) e Cátedras Institucionais *_(Addenda 88/2019 de 15 de novembro.*
3. Dado o interese común de ambas Institucións e a necesidade de contar cos medios e estruturas necesarias como é esta cátedra, que permitan contribuír á formación, á

información, ao asesoramento e á transferencia de coñecementos, permitirá dinamizar o modelo de Administración Local vixente a servizo do interese xeral e da sociedade no seu conxunto.

En virtude do exposto, e dando cumprimento á vontade das entidades ás que respectivamente representan, os comparecentes outorgan neste acto prorrogar o Convenio de Colaboración 67/2017, que se rexe polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeiro.- O prazo de vixencia do convenio, unha vez aprobada a prórroga por Acordo Plenario do 26 de abril de 2021, extenderase dende 1 de xuño de 2021 ata o 31 de maio de 2025.

Segundo.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, cunha achega máxima anual de **20.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **100 %** do orzamento total.

Terceiro.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3269/45390 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo ás anualidades e aplicacións orzamentarias que se indican no seguinte cadro:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2022	0112/3269/45390	20.000
2023	0112/3269/45390	20.000
2024	0112/3269/45390	20.000
2025	0112/3269/45390	20.000

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a UNIVERSIDADE DA CORUÑA que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

Cuarto.- A achega da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da achega provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

Quinto.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

Sexto.- Esta achega será monetaria á conta indicada pola Fundación Universidade da Coruña, medio propio e servizo técnico da UDC que terá a encomenda da xestión económica da Cátedra en base a **Encomenda de Xestión da UDC á FUAC** segundo resolución reitoral do 1 de setembro de 2017 pola que se encomenda á Fundación da Universidade da Coruña a xestión económica de contratos de investigación (art. 83 LOU) e cátedras institucionais.

Sétimo.- Tralas achegas anuais, a Fundación emitirá os certificados de ingreso conforme ao disposto pola Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Oitavo.- Iniciado este novo periodo e en todo caso antes do 1 de outubro de cada ano, reunirse a Comisión de Seguemento co fin de :

- Levantar Acta da actuación da Cátedra ,
- Proponer as modificacións que procedan para cada ano e
- Aprobar a memoria anual de actividades.

Faise constar que este convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o 30 de Abril de 2021.

E en proba de conformidade, as dúas partes asinan o presente convenio por cuadruplicado na data que se indica na cabeceira.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA
CORUÑA

O REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Julio E. Abalde Alonso

O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo. José Luis Almau Supervía